



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante Resolución da concellería de persoal de data 13/10/2021, se ditou o seguinte acto administrativo,

REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACION PARA CONTRATACIÓN ALUMNOS TRABALLADORES OBRADOIRO DE EMPREGO "REVALORIZA TUI 2021"

Con data 13/10/2021 o secretario do tribunal avaliador do proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio administrativo para o Obradoiro de Emprego "Revaloriza Tui 2021", publicou o certificado da acta coa resolución de alegacións e listaxe definitiva das puntuacións acadadas polas persoas aspirantes, e de acordo co punto sétima das bases do proceso selectivo, na que se propón para a súa a contratación:

- Para o posto de **director** a: Raquel Fernández Cobian
- Para o posto de **titor** a: María Eva Pérez Pérez
- Para o posto de **docente en cantería** a: Xosé María Lomba Martínez
- Para o posto de **docente en carpintería** a: Roberto Rey Solla.
- Para o posto de **auxiliar administrativo** a: Ana Isabel Méndez González

Segundo a base oitava das bases da convocatoria

*"As persoas seleccionadas terán que comunicar por escrito á entidade promotora, Concello de Tui, a súa aceptación ou renuncia á praza, coa presentación do modelo que se incorpora a estas bases como Anexo II, no prazo máximo de **dous (2) días hábiles** a partir do día seguinte da publicación da resolución da alcaldía/concellería delegada de requirimento de documentación, e a seguinte documentación xunto cos orixinais, no seu caso, referida esta sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes:*

- 1) *Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.*
- 2) *Titulación requirida.*
- 3) *Orixinais, no seu caso, dos documentos presentados na fase de concurso.*
- 4) *Certificado ou informe médico oficial, cunha antigüidade máxima de 3 meses, no que se faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxecto da convocatoria.*
- 5) *Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social.*
- 6) *Certificación de conta bancaria, segundo o modelo que lle achegará o Concello."*

Por todo o anteriormente exposto esta Concellería delegada de Persoal (resolución de delegación 24/06/2019



nº 2019-0720),

RESOLVO

1. Aceptar a proposta do tribunal avaliador.
2. Requirir **aos candidatos** arriba relacionados, para que no prazo de **2 días hábiles**, a partir da publicación desta Resolución presenten a documentación seguinte, perdendo ós seus dereitos a ser contratados de non facelo:
 - 1) Anexo II debidamente cumprimentado.
 - 2) Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
 - 3) Titulación requirida.
 - 4) Orixinais, no seu caso, dos documentos presentados na fase de concurso.
 - 5) Certificado ou informe médico oficial, cunha antigüidade máxima de 3 meses, no que se faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxecto da convocatoria.
 - 6) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social.
 - 7) Certificación de conta bancaria
3. Darlle traslado do presente acordo á unidade de persoal e ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

O Sr. Concelleiro delegado de persoal, José Ramón Magán Rivera en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

